

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 28 DE DECEMBRO DE 2017,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento da Cátedra Institucional de Hidroloxía Médica da USC, por importe total de cento sesenta mil euros (160.000,00€).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o concello de Mesía para a execución da actuación de "Ampliación da rede de distribución de auga no Concello de Mesía. Fase I. Concello de Mesía (A Coruña)", por un importe de cincocentos setenta e seis mil cento noventa e catro euros con vinte e tres céntimos (576.194,23 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Ourense, para a execución das obras de reforma e adaptación da Alameda da Ponte en Ourense, por un importe de douscentos sesenta e tres mil catrocentos oitenta e tres euros con setenta e sete céntimos (263.483,77 €).

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, suxeito a regulación harmonizada, documentalmente simplificada, por procedemento aberto, tramitación ordinaria e como expediente anticipado de gasto, da obra "terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela", por un importe de licitación de dez millóns trescentos noventa e catro mil novecentos noventa e oito euros con oito céntimos (10.394.998,08 €), IVE incluído, e un valor estimado de oito millóns setecentos sesenta e dous mil setecentos vinte e cinco euros con sesenta e cinco céntimos (8.762.725,65 €).

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra de construción dunha Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP), captación no río Miño e depósito de Regulación para a Plataforma Loxística e Industrial Salvaterra do Miño-As Neves (PLISAN), por importe de seis millóns douscentos oitenta e nove mil cincocentos vinte e catro euros con dezaoito céntimos (6.289.524,18 €) e un valor estimado de cinco millóns cento noventa e sete mil novecentos cincuenta e tres euros con oitenta e sete céntimos (5.197.953,87 €).
- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianuais derivados da Orde pola que se procede á convocatoria pública, para a anualidade 2018, das axudas financeiras do programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas, con financiamento plurianual.

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación a eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos á conta, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas do programa Conecta Peme para fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema Rexional de Innovación, a través do apoio a proxectos de Investigación, Desenvolvemento e Innovación orientados ao mercado, e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento IN852A), por importe de vinte e sete millóns de euros (27.000.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación a eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fortalecemento dos centros de xeración de coñecemento aliñados cos retos estratéxicos e prioridades identificadas na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento IN607E), por importe de seis millóns cincocentos mil euros (6.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe e a exención de constituición de garantías no pagamento anticipado derivado da convocatoria para o exercicio 2018 das axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (Galicia Rural Emprende), por un importe total de catro millóns cincocentos mil euros (4.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como a establecer anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, con respecto ao proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas, cofinanciadas polo Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á primeira convocatoria, por importe total de tres millóns cincuenta e un mil vinte euros con oitenta e dous céntimos (3.051.020,82 €).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como a establecer anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, con respecto ao proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á primeira convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en Unidades Formativas das Empresas e dos incentivos á contratación (códigos de procedemento TR301P e TR349X) por un importe global dun millón de euros (1.000.000,00 €).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de lei de Ordenación Farmacéutica.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a prórroga no ano 2018, para desenvolver un proxecto de investigación conxunto para a determinación e estudo dos patóxenos que xeran pragas e enfermidades agrícolas e forestais e o desenvolvemento de métodos eficaces de loita contra eles por un importe total de setenta e dous mil euros (72.000,00€)

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a Resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se autorizan as instalacións e se aproba o proxecto de execución do parque eólico Pena Forcada-Catasol II, situado no concello de Laxe (A Coruña) e promovido pola sociedade Gas Natural Fenosa Renovables, SLU (IN661A 2010/3-1).
- Informe sobre a Resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se outorga autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción ás instalacións relativas ao proxecto de modificación do parque eólico Montes de Abella, sito nos concellos de Láncara e Triacastela (Lugo) e promovido por Inveróllica de Abella, S.L. (expediente 103-EOL).

## **TURISMO DE GALICIA RENOVA CATRO ANOS MÁIS A SÚA COLABORACIÓN COA CÁTEDRA DE HIDROLOXÍA MÉDICA DA USC**

- *O Consello da Xunta autorizou a subscrición dun novo convenio para colaborar nas actividades docentes mediante unha axuda ata 2021*
- *Organizaranse cursos, conferencias, seminarios e outras actividades académicas para difundir as características dos recursos termais*
- *A Cátedra de Hidroloxía Médica da USC, a primeira en Galicia e a segunda existente en España, leva desde o ano 2010 formando futuros médicos neste eido cada curso*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para renovar ata o ano 2021 o apoio á Cátedra Institucional de Hidroloxía Médica.

Ao abeiro deste convenio, Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago colaborarán na celebración de cursos, seminarios, conferencias e outras actividades académicas que redundan na difusión, o coñecemento e a práctica da hidroloxía médica permitindo aos alumnos obter uns coñecementos básicos sobre as características das augas mineiro medicinais e as súas aplicacións terapéuticas.

Ademais, o acordo permitirá a promoción e a organización de actividades académicas que contribúan a facilitar a reflexión e o debate médico entre profesores e médicos de balnearios, co fin de acadar o seu mutuo enriquecemento intelectual e a mellora da súa formación médica e universitaria.

Así mesmo, promoverase a investigación no campo da Hidroloxía Médica e favorecerase a difusión e o coñecemento das investigacións realizadas mediante publicacións e outras accións de comunicación.

Este acordo alíñanse co Plan de termal e o Plan de turismo de saúde e termal de Galicia que reflicten a aposta da Xunta de Galicia por impulsar as iniciativas que afonden na formación de expertos que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación na área do termalismo e da saúde, por considerar que é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

A Cátedra de Hidroloxía Médica da USC, a primeira en Galicia e a segunda existente en España, leva desde 2010 formando futuros médicos neste eido cada curso. Ademais das clases teóricas, os alumnos teñen a oportunidade de realizar prácticas en balnearios.

## **A XUNTA DESTINA CASE 580.000 EUROS Á AMPLIACIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CONCELLO DE MESÍA**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Mesía para aumentar a capacidade de abastecemento á parroquia de San Cristovo e a unha parte de Visantoña e Olas*
- *Augas de Galicia asumirá o 100% do custo da actuación e executará as obras, que despois formarán parte do patrimonio municipal do Concello de Mesía*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou o convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Mesía por un importe de case 580.000 euros, para a ampliación da rede de distribución de auga neste municipio da provincia da Coruña.

Con esta actuación preténdese dotar do servizo de abastecemento de auga a parroquia de San Cristovo, así como a unha parte das parroquias de Visantoña e Olas. Con esta actuación (fase I), tamén se pretende definir un novo ramal principal desde o anel existente que se dirixe a Olas e Visantoña, que permitirá dar servizo a estas zonas no futuro.

Cómpre indicar que a execución das obras de abastecemento, como a que recolle o convenio aprobado esta mañá, é unha competencia atribuída a entidade local, que está ademais vinculada a un servizo público cuxa prestación resulta tamén unha competencia da administración local. Polo tanto, queda acreditado o interese principal do concello na súa promoción.

Non obstante, Augas de Galicia ten entre as súas competencias –tal e como se fixa na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia- a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31).

Neste sentido, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación das súas actuacións, motivos polos que as partes subscriben este convenio de colaboración. Así, Augas de Galicia levará a cabo os traballos de contratación e execución das obras, controlará a calidade e a seguridade durante a súa execución e financiará ao 100% a actuación. Pola súa banda, o Concello de Mesía porá á disposición de Augas de Galicia -antes do inicio das obras- os terreos necesarios libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado; e tamén deberá obter os permisos, licenzas e autorizacións necesarias.



## **A XUNTA COLABORARÁ NA REFORMA E ADAPTACIÓN DA ALAMEDA DA PONTE NO CONCELLO DE OURENSE**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración no que se establece unha contía de case 265.000 euros para a execución das obras*
- *A actuación prevé a recuperación dunha zona moi singular da Cidade das Burgas, coa colocación de novo mobiliario urbano, impermeabilización da zona oeste e rehabilitación da fonte*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou o convenio de colaboración que permitirá a execución das obras de reforma e adaptación da Alameda da Ponte, no Concello de Ourense. O texto do convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Ourense recolle unha partida de case 265.000 euros para a execución das obras.

Trátase dunha nova actuación a cargo do Plan *hUrbe*, posto en marcha pola actual Xunta en 2010, que ten entre os seus obxectivos mellorar as contornas urbanas, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de revitalizar o territorio e o reequilibrio territorial.

O proxecto de reforma e acondicionamento propón a recuperación dunha zona moi singular na Cidade das Burgas, como é a Alameda da Ponte, que presentan un estado de abandono dentro do crecemento urbano dirixido en beneficio doutros espazos máis recoñecidos da ordenación actual. É necesario intervir para fomentar o seu uso por parte dos veciños tanto na comunicación e accesibilidade peonís como nun marco baseado no descanso urbano dentro do tempo de lecer destes.

Con esta intervención búscase recuperar a zona oeste, que forma cuberta axardinada das propiedades (baixos comerciais) existentes na súa parte inferior, a cota do viario inferior, con grandes problemas de filtración de auga. A actuación tende a reparar, ou substituír nos puntos necesarios, o elemento de peche, cornixa e balaustrada, así como solucionar a ausencia de medidas de protección regulamentaria, fronte á caída, ben como diversas accións encamiñadas a arranxar instalacións, equipamento e mellora das condicións de accesibilidade.

En definitiva, prevese unha nova colocación de mobiliario urbano e equipamentos, a impermeabilización da zona oeste da actuación, a rehabilitación da fonte, a reparación do peche da marquesiña e o seu axardinamento.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DA ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO CUN INVESTIMENTO DE 10,4 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego prevé iniciar no primeiro semestre do ano as obras da nova terminal de autobuses integrada na estación de ferrocarril, o que suporá unha importante mellora da mobilidade dos cidadáns e unha aposta polo transporte público*
- *As obras teñen un prazo de execución de 18 meses, un período no que a Xunta avanzará tamén na definición do futuro da actual estación de autobuses que se integrará na Cidade de San Caetano*
- *O proxecto completárase coas obras que proxecta o Ministerio de Fomento na terminal ferroviaria e coa pasarela de interconexión que financiarán as dúas administracións e o Concello de Santiago e que contribuirá a unir os barrios da cidade*
- *A Administración autonómica achegará case 1,8 millóns de euros para sufragar a pasarela, co que o investimento da Xunta no proxecto superará os 12 millóns de euros*
- *O proxecto da nova estación de autobuses intermodal de Santiago prevé a construción dun edificio de dous andares, situándose no inferior as dársenas e as vías de circulación e manobra de vehículos, e no superior os servizos de atención aos viaxeiros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras da estación de autobuses intermodal de Santiago de Compostela por un importe de case 10,4 millóns de euros. Esta actuación consistirá na execución dunha nova terminal de autobuses integrada na terminal de ferrocarril, o que suporá unha importante mellora da mobilidade dos cidadáns, facilitando o intercambio entre as distintas formas de transporte público.

As obras cuxa licitación autorizou hoxe o Consello da Xunta teñen un prazo de execución de 18 meses e a previsión do Goberno galego é inicialas no primeiro semestre do vindeiro ano, no que os orzamentos da Xunta consignan unha partida de 2,3 millóns de euros para avanzar nos traballos.

Mentres se constrúe a nova terminal de autobuses de Santiago, a Xunta definirá o futuro da actual estación, que se dedicará a usos administrativos mediante a súa integración na Cidade de San Caetano, cuxo proxecto está xa en proceso de redacción.

A construción da nova terminal de autobuses de Santiago forma parte do proxecto integral da estación intermodal de Santiago que impulsan a Xunta e o Ministerio de Fomento de forma coordinada co Concello de Compostela.



### **Pasarela para unir as estacións e conectar os barrios**

Xunto coa estación de autobuses, a primeira fase do proxecto componse dunha pasarela peonil cuberta que unirá esta terminal coa de ferrocarril e que, ao mesmo tempo, servirá de conexión entre a rúa do Hórreo e a avenida de Clara Campoamor, facilitando a permeabilidade entre os barrios da cidade.

Actualmente, o Goberno galego, o Ministerio de Fomento e o Concello están a ultimar o convenio para o cofinanciamento da dita pasarela, cuxo orzamento se estima en 5,9 millóns de euros, dos cales a Xunta achegará un 30%, preto de 1,8 millóns de euros. Desesta forma, a achega da Administración autonómica á estación intermodal superará os 12 millóns de euros.

Unha vez executados ambos os dous elementos previstos na primeira fase das obras, os usuarios verán moi axilizado o intercambio entre os distintos modos de transporte e Santiago contará cun novo edificio, funcional, moderno e integrado no contorno, que contribuirá a facer cidade.

Na segunda fase do proxecto, o Ministerio de Fomento completará a reforma da estación de ferrocarril, chegando o investimento total previsto a máis de 41 millóns de euros.

A licitación das obras da nova estación de autobuses é posible tras a aprobación pola Xunta de Galicia do proxecto a nivel urbanístico a través da Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese público, o que permitiu evitar as demoras que suporía a aprobación dun plan especial por parte do Concello.

### **Características**

O proxecto da nova estación de autobuses intermodal de Santiago prevé a construción dun edificio de dous andares, situándose no inferior as dársenas e as vías de circulación e manobra de vehículos, e no superior os servizos de atención aos viaxeiros.

A actuación terá unha superficie total de máis de 13.000 m<sup>2</sup> e un total de 36 dársenas. Ademais, o proxecto habilita un espazo para a implantación dun futuro aparcadoiro e unha área de servizos de autobuses.

Conforme o acordo asinado entre o Concello, o Ministerio de Fomento e a Xunta, correspóndelle á Administración local o deseño e execución dos accesos necesarios para garantir a plena operatividade da nova estación de autobuses intermodal.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A LICITACIÓN DAS OBRAS PARA DOTAR DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A PLATAFORMA LOXÍSTICA DE SALVATERRA-AS NEVES**

- *As obras licitaranse por un importe de preto de 6,3 millóns de euros, que serán achegados polos tres organismos que forman o condominio da PLISAN*
- *O Consorcio da Zona Franca de Vigo licitou a pasada semana as actuacións da urbanización interior da zona loxística e empresarial e prevese realizar proximamente a convocatoria do concurso de venda de solo*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a Consellería de Infraestruturas e Vivenda a licitar as obras de construción da estación de tratamento de auga potable para a plataforma loxístico-empresarial de Salvaterra-As Neves (Plisan), así como a captación de auga no río Miño e depósito de regulación.

O importe da licitación será de preto de 6,3 millóns de euros, que serán achegados polos tres membros do condominio da Plisan en función da súa participación neste:

- Autoridade Portuaria de Vigo: 60,580 %
- Xunta: 18,295 %
- Consorcio da Zona Franca de Vigo: 21,125 %

A licitación da construción da potabilizadora será realizada pola Xunta, tal e como acordaron as tres administracións.

Neste momento, na Plisan están rematadas as obras dos sistemas xerais, nas que se investiron preto de 11 millóns de euros, e xa se adxudicou a redacción do proxecto e construción da estación depuradora de augas residuais, por importe de máis de 3,1 millóns de euros. A adxudicación inclúe a construción da depuradora, accesos a esta, colectores de entrada e saída, acometida eléctrica e outros traballos necesarios para a posta en marcha desta, así como o mantemento das instalacións durante os tres primeiros anos.

Por outra parte, o Consorcio da Zona Franca de Vigo licitou a pasada semana as obras de urbanización da zona loxístico empresarial, por un importe que superará os 10,4 millóns de euros, achegados polos tres organismos que compoñen o condominio.

Tamén está previsto convocar proximamente o concurso público de venda de solo empresarial na Plisan, fixándose un prezo de 50 euros por metro cadrado para os primeiros 100.000 metros cadrados que se adxudiquen. Os interesados tamén poderán optar á adxudicación de solo en dereito de superficie, co pagamento dun canon anual reducido e o dereito de adquisición do solo.





## O CONSELLO DA XUNTA ACORDA DESTINAR MÁIS 2,9 MILLÓNS DE EUROS A SUBVENCIONAR OS XUROS DOS PRÉSTAMOS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS E EDIFICIOS RESIDENCIAIS

- *O Consello da Xunta aprobou o gasto para a convocatoria de 2018, que supera nun 63 % ao da convocatoria de 2017*
- *O importe máximo do préstamo é de 30.000 euros para aqueles de carácter persoal e de 60.000 euros no caso de préstamos hipotecarios*
- *A subsidiación dos xuros poderá chegar ata o 100% durante un período de ata catro anos, segundo os ingresos dos beneficiarios e, no caso das rendas máis altas, danse facilidades para a concesión dos préstamos*
- *Trátase dunha medida pioneira articulada a través dos convenios asinados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda con Abanca, Caixabank, Caixa Rural Galega e Banco Sabadell*
- *Esta medida responde ao obxectivo da Xunta de fomentar as actuacións de renovación, reforma e rehabilitación de vivendas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de máis de 2,9 millóns de euros destinados á subsidiación dos xuros dos préstamos concedidos na convocatoria de 2018 das axudas financeiras para a rehabilitación de edificios e vivendas.

O orzamento previsto na convocatoria de 2018 supera en máis do 63 % ao correspondente á convocatoria de 2017, no que a dotación foi de 1,8 millóns de euros.

Este programa consiste no establecemento dunha liña de préstamos para financiar a execución de obras de rehabilitación de vivendas e edificios residenciais e está incluído no Plan RehaVita 2015-2020: Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas que promovan as actuacións de rehabilitación, xa sexan propietarias ou teñan calquera outro título que acredite a posesión do inmovible. No caso de actuacións promovidas por comunidades de propietarios poderán ser beneficiarias os que sexan membros da dita comunidade e en función da súa porcentaxe de participación nas obras

Estas axudas directas artellaranse a través dos convenios asinados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda con *Abanca, Caixabank, Caixa Rural Galega e Banco Sabadell* e consistirán na subsidiación dos xuros destes préstamos para as persoas que cumpran os requisitos previstos, cuxa porcentaxe dependerá do nivel de ingresos da unidade de convivencia do beneficiario.

Os créditos serán sen xuros para as familias con ingresos de ata 4 veces o IPREM,, por exemplo un fogar con 3 membros no que entren menos de 37.400 euros ao ano, e a xuros baixos para as de ingresos superiores.

<b>INGRESOS</b>	<b>Subsidiación máxima</b>	<b>Duración máxima</b>
Menor ou igual a 4 lprem	100 % dos xuros	48 meses
Maior de 4 e menor de 5,5 lprem	80 % dos xuros	36 meses

No caso de persoas con ingresos maiores de 5,5 veces o IPREM e que non superen as 6,5 veces, aínda que non terán bonificacións nos xuros, si disporán de facilidades na concesión do préstamo beneficiándose, por exemplo, da exención da comisión de apertura, entre outros.

O importe máximo do préstamo fíxase en 30.000 € para aqueles de carácter persoal e en 60.000 € no caso de préstamos hipotecarios.

O tipo de xuro poderá ser fixo ou variable, tal como se indica no cadro:

<b>Garantía</b>	<b>Tipo fixo</b>	<b>Tipo variable</b>	
		<b>Inicial (24 meses)</b>	<b>Resto</b>
Hipotecaria	1,90	1,75	Euribor a 1 ano + 1,25
Persoal	5,25	5,25	Euribor a 1 ano + 4

O prazo de amortización estará entre seis meses e quince anos, cun período de carencia inicial de ata dous anos como máximo.

No orzamento para cubrir o préstamo, ademais do custo das obras concretas que se van acometer, poderán incluírse os honorarios dos profesionais que interveñan no proxecto e na súa execución, así como os informes técnicos necesarios, polo que unha vez concedido o crédito, a Xunta de Galicia reintegrará á entidade financeira as contías dos xuros, que a entidade xa non cobra aos titulares do préstamo.

Os préstamos poderán formalizarse con garantía hipotecaria ou persoal e estarán exentos de calquera tipo de comisión e o prazo de amortización estará entre seis meses e quince anos, cun período de carencia inicial de ata dous anos como máximo.



## A XUNTA PON EN MARCHA UNHA NOVA CONVOCATORIA DO CONECTA PEME QUE MOBILIZARÁ 50 MILLÓNS EN 70 PROXECTOS DE INNOVACIÓN EMPRESARIAL

- *O Consello da Xunta autoriza unha nova edición deste programa cun orzamento que crece un 8%, ata os 27 millóns, e aproba, por outro lado, con 6,5 millóns, axudas para os centros tecnolóxicos e de apoio á innovación*
- *Conecta Peme ten como obxectivo incrementar a I+D+i empresarial en Galicia primando na selección dos proxectos o novidoso das tecnoloxías xeradas e, en especial, a súa capacidade para poñer no mercado novos produtos e solucións*
- *Grazas a esta iniciativa, que se activou en 2013, estanse a xerar investimentos por máis de 100 millóns para 133 proxectos de cooperación nos que participan preto de 520 empresas*
- *Por outra banda, a Xunta prevé mobilizar 13 millóns cos apoios para os centros tecnolóxicos destinados á adquisición de infraestruturas de alta calidade, de carácter aberto e compartido para a atracción de investimento privado*
- *Poderán adquirir equipamento científico e técnico e programas e aplicacións informáticas especializadas que deberán ter un orzamento mínimo de 100.000 euros*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mantén o seu compromiso co fomento da I+D+i para mellorar o posicionamento internacional da innovación galega coa convocatoria dunha nova edición do programa Conecta Peme e coa posta en marcha dunha nova liña de axudas para o fortalecemento dos centros tecnolóxicos de innovación de Galicia. A través destes dous programas, o Goberno galego prevé unha mobilización de 63 millóns de euros.

A nova edición do programa Conecta Peme prevé mobilizar 50 millóns de euros en 70 proxectos nos que se estima que participen arredor de 250 pemes. Os proxectos aprobados, a través dos que se prevé xerar máis de 100 postos de traballo, desenvolveranse ata 2020.

A iniciativa conta cun orzamento de 27 millóns de euros, un 8% máis que na convocatoria anterior, para seguir incrementando a capacidade innovadora do tecido empresarial galego en áreas estratéxicas, fomentando a cooperación público-privada a través do financiamento de proxectos empresariais de I+D+i en cooperación entre as pequenas e medianas empresas. Do que se trata é de promover o liderado empresarial da transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar.

Esta convocatoria inclúe novidades entre as que destacan o aumento na intensidade de valoración para proxectos máis próximos ao mercado, ao tempo que se incentivará a contratación de persoal, téndose en conta a creación de emprego e a súa localización en Galicia durante todo o proxecto.

Na valoración dos proxectos terase en conta, polo tanto, o novidoso das tecnoloxías xeradas e, en especial, a capacidade das empresas para poñer no mercado novos produtos e solucións e, en consecuencia, contribuír ao crecemento económico de Galicia, incentivando a mellora competitiva das pemes.

### **Proxectos de colaboración**

As iniciativas de colaboración, que deberán contar cun orzamento de entre 500.000 e 1.500.000 euros, serán desenvolvidas por un mínimo de 3 e un máximo de 6 empresas, valorándose positivamente a participación no consorcio dun organismo de investigación galego. Os proxectos en colaboración permiten crear un contorno e infraestruturas que fomentan o intercambio de coñecementos, capacidades e información entre os membros dos consorcios.

As actuacións que se desenvolvan teñen que estar aliñadas cos retos da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia-RIS3 no referido á investigación industrial, desenvolvemento experimental e proxectos de innovación en materia de organización e procesos, respondendo, deste xeito, ao obxectivo de potenciar a Industria 4.0, tal e como se recolle na Axenda Galicia-Industria 4.0.

A intensidade nas axudas varía: unha pequena empresa pode obter entre o 50 e o 80% segundo sexa de investigación industrial, desenvolvemento experimental ou innovación; unha mediana entre o 50% e 75%; e unha grande entre o 15% e 65%.

Desde a posta en marcha do Conecta Peme no ano 2013 estanse a xerar investimentos por valor de máis de 100 millóns de euros para 133 proxectos de cooperación nos que participan preto de 520 empresas.

A contía das axudas sitúase no tramo inmediatamente anterior ás facilitadas polo programa Innterconecta que, por enriba de 1,5 millóns, está a favorecer o desenvolvemento de proxectos entre grandes consorcios de empresas e centros do coñecemento. Desde 2011, a través das tres primeiras convocatorias do Innterconecta, mobilizáronse en Galicia 307 millóns de euros en 172 proxectos de innovación nos que participan 565 empresas galegas.

Deste xeito, entre o Innterconecta e o Conecta Peme, estanse a mobilizar preto de 410 millóns de euros en proxectos innovadores que contribúen á mellora competitiva do tecido empresarial ao sumar, entre ambos programas, 305 proxectos e preto de 1.100 empresas beneficiadas.

Neste marco, cómpre salientar tamén a aposta polas Unidades Mixtas de Innovación que está a realizar o Goberno galego, nas que grandes empresas están a colaborar con

centros de coñecemento. Froito desta cooperación, Galicia conta con 30 Unidades Mixtas de Investigación que en conxunto dan emprego a 450 profesionais de alta cualificación e mobilizan 94 millóns de euros en proxectos innovadores.

O obxectivo final é prestar ás empresas o apoio necesario para que a través do investimento en I+D+i poida acadarse o crecemento do tecido empresarial favorecendo a transferencia de coñecemento ao mercado. Estes proxectos, polo tanto, supoñen un avance tecnolóxico e industrial relevante e estimulan a creación de emprego incentivando unha innovación eficiente no tecido empresarial a través da colaboración entre empresas.

### **Apoio aos centros tecnolóxicos**

Con respecto ás axudas para os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia, a Xunta establece unha nova medida para aumentar a competitividade destas entidades. Así, destinaranse 6,5 millóns de euros -cos que se prevé mobilizar 13- á adquisición de infraestruturas de alta calidade, de carácter aberto e compartido, para a atracción de investimento privado. En concreto, poderanse adquirir equipamento científico e técnico e programas e aplicacións informáticas de carácter especializado que deberán ter un orzamento mínimo de 100.000 euros.

Estas infraestruturas terán por obxectivo a mellora da excelencia investigadora e das tarefas de transferencia de coñecemento tecnolóxico e científico ao tecido produtivo, xa que permitirán poñer á disposición das pemes galegas e da actividade económica da comunidade as capacidades dos centros. As axudas, que non terán un límite máximo no número de solicitudes por centro, cubrirán ata un máximo do 50% e valoraranse de xeito preferente as propostas que inclúan un plan de explotación de forma conxunta con outros centros.

Con estas liñas dúas liñas de axudas que se autorizan hoxe no Consello da Xunta, enmarcadas na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3), complementáanse os apoios que os centros tecnolóxicos teñen á súa disposición coa finalidade de acadar un maior impacto na competitividade, no emprego e no crecemento da economía galega, como os contratos-programa, as Unidades Mixtas de Investigación, a Fábrica Intelixente, Interconecta ou o Principia.

Esta aposta da Administración autonómica pola I+D+i, xunto ao esforzo do tecido industrial, contribúen a que as empresas galegas teñan incrementado o seu investimento en materia de innovación nun 9,3%, oito puntos máis que a media estatal, segundo os últimos datos do INE, correspondentes a 2016. Deste xeito, ao longo do ano pasado, as 900 empresas con actividades innovadoras rexistradas en Galicia realizaron un gasto en innovación tecnolóxica por valor de 504 millóns de euros.

## **A XUNTA IMPULSARÁ A MOBILIZACIÓN DE 9M€ PARA PROMOVER ACTIVIDADES ECONÓMICAS NON AGRÍCOLAS DE AUTÓNOMOS E EMPREENDEDORES NO RURAL**

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria incrementa nun 80% o orzamento para a segunda convocatoria do programa Galicia Rural Emprende, dirixido a autónomos, microempresas e pequenas empresas*
- *O obxectivo é apoiar 80 novos proxectos non agrarios e facilitar a creación de máis de 200 empregos*
- *As solicitudes poderán presentarse a partir do 2 de xaneiro e o prazo permanecerá aberto durante dous meses*
- *Os investidores recibirán un adianto do 60% da axuda concedida logo da notificación da resolución e a acreditación do inicio do plan empresarial de negocio, que se desenvolverá en 18 meses*
- *Entre as actividades industriais prioritarias figuran as de sectores como automoción, téxtil, aeronáutico, químico, ambiental, TIC ou audiovisual*
- *Ao abeiro da primeira convocatoria, dotada con 2,5 millóns de euros aprobáronse 44 proxectos, co compromiso de creación e mantemento de 121 postos de traballo*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á Consellería de Economía, Emprego e Industria para activar, a través do Igape, a segunda convocatoria do programa Galicia Rural Emprende, que ten como obxectivo promover actividades de autónomos, microempresas e pequenas empresas. O programa, que incrementa o seu orzamento para esta segunda convocatoria nun 80%, ao pasar de 2,5 millóns de euros a 4,5 millóns de euros, contribuirá á mobilización de 9 millóns de euros en investimentos empresariais.

Co importante incremento orzamentario aprobado hoxe polo Consello da Xunta será posible apoiar 80 novos proxectos empresariais, así como a creación e mantemento de máis de 200 novos empregos. Ao abeiro da primeira edición, este ano aprobáronse 44 proxectos – 30 deles impulsados por autónomos– co compromiso de creación e mantemento de 121 empregos, mobilizando investimentos cifrados en máis de 5 millóns de euros.

Mediante este programa, a Xunta achega axudas directas para facilitar os investimentos dos emprendedores e autónomos que crean novas empresas ou que as crearon en datas recentes para facilitar a súa posta en marcha ou a súa consolidación temperá. Entre as actividades prioritarias destacan sectores como automoción, téxtil, aeronáutico, químico, ambiental e as baseadas nas novas tecnoloxías da información e da comunicación (TICs).

Os proxectos apoiados estarán promovidos por agricultores ou membros dunha unidade familiar dunha explotación que diversifique as súas actividades en ámbitos non agrícolas, pemes de nova creación, pequenas e medianas empresas que inicien actividades non levadas a cabo antes, e autónomos que inicien unha nova actividade non agrícola.

O prazo de presentación de solicitudes ao abeiro da segunda convocatoria do programa Galicia Rural Emprende comezará o día 2 de xaneiro do próximo ano e rematará o 2 de marzo. As axudas resolveranse en réxime de concorrencia competitiva. Os investidores recibirán un anticipo do 60% tras a notificación da resolución e acreditación do inicio dun plan empresarial ou plan de negocio que terá unha duración de 18 meses.

Esta iniciativa vén completar e mellorar o programa Galicia Emprende, que durante os últimos anos facilitou a aprobación de preto de 300 proxectos emprendedores, e que en 2017 contou cun orzamento de 5 millóns de euros. A posta en marcha de novos proxectos emprendedores e a consolidación temperá de novas empresas é fundamental para a revitalización e a incorporación de innovación ao tecido produtivo, da man de novos empresarios especialmente preparados e apoiados por instrumentos públicos e privados de formación e asesoramento.

Coa nova edición deste programa, a Xunta amosa unha vez máis o seu compromiso co apoio aos emprendedores e ás pequenas e medianas empresas novas para facilitar o acceso aos recursos e instrumentos necesarios para a posta en marcha de proxectos con mellores posibilidades de éxito e consolidación no mercado.

Ademais das axudas directas activadas mediante os programas Galicia Emprende e Galicia Rural Emprende, os emprendedores poden acceder aos préstamos directos habilitados a través da nova liña de Instrumentos Financeiros Innovadores (IFIS) e do Fondo Galicia Iniciativas Emprendedoras, así como a microcréditos ou préstamos con xuros bonificados no marco do programa Galicia 1000.



## **A XUNTA IMPULSA A CUALIFICACIÓN DE 2.100 TRABALLADORES E DESEMPREGADOS A TRAVÉS DE FORMACIÓN ESPECIALIZADA E Á CARTA EN 540 EMPRESAS GALEGAS**

- *Investirá preto de 6,5 millóns nunha iniciativa pioneira en Galicia destinada aos empregados de firmas de sectores estratéxicos vinculados coa Axenda Industria 4.0 e nunha nova edición das Unidades Formativas na Empresa para desocupados*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria pon en marcha por primeira vez, con 4,5 millóns de euros, unha actuación dirixida a 500 empresas co obxectivo de formar a 1500 traballadores*
- *Recibirán apoio os proxectos formativos a medida adaptados ás necesidades de cada empresa e especialidades recoñecidas polo Servizo Público de Emprego e homologadas pola Administración ou entidades acreditadas*
- *O segundo dos programas, a través de 40 Unidades na Empresa para cualificar a 600 desempregados, inclúe formación á carta nas compañías, que deberán comprometerse á contratación inmediata de polo menos o 40% dos participantes*
- *A Xunta financia o 100% da formación e apoia con axudas de entre 7000 e 16.000 euros á contratación indefinida*
- *Como novidade nesta iniciativa, as firmas poderán impartir a cualificación non só con medios propios, senón tamén a través de entidades de formación que, polo tanto, poderán optar a estas axudas*

A Administración autonómica impulsa, con preto de 6,5 millóns de euros, dous programas dirixidos a formar en 540 empresas a 2100 persoas -entre ocupadas e desempregadas- que terán a oportunidade de mellorar a súa cualificación con accións de formación especializada á carta e axustada ás demandas reais do tecido produtivo, das que se informaron hoxe no Consello da Xunta.

Os dous programas son: un pioneiro destinado a traballadores de empresas de sectores estratéxicos vinculados coa Axenda Industria 4.0, ao que se dedicarán 4,5 millóns para formar a 1500 persoas en 500 compañías; e as Unidades Formativas na Empresa, dotado con 1,85 millóns para cualificar a 600 desempregados a través de 40 accións. Nas próximas semanas sairá publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) a primeira das convocatorias de cada unha das actuacións, que se tramitan como anticipado de gasto, por un total de 4 millóns de euros (un millón para unidades formativas e máis de 3 millóns para formación en sectores estratéxicos).

### **Sectores estratéxicos**

A Xunta, a través da nova iniciativa de formación para persoal de empresas de sectores estratéxicos, financiará o 100% da cualificación, cun límite de 200.000 euros para empresas ou agrupacións de firmas, priorizando actuacións vinculadas coa silvicultura, transformación de madeira, fabricación de compoñentes electrónicos,



automoción, naval, aeronáutica, fabricación de mobles, edición de programas informáticos e telecomunicacións e actividades relacionadas coa informática. O principal requisito deste programa de axudas é que as compañías pertencen a algún dos sectores estratéxicos da Axenda Industria 4.0.

A iniciativa terá un carácter bianual para que se poidan planificar talleres ou cursos máis complexos e cun maior período de duración, co obxectivo de ofrecer unha cualificación completa e acorde ás demandas das firmas galegas. Así, financiaranse accións implementadas entre o 1 de xaneiro de 2018 ata o 30 de xullo de 2019. Recibirán apoio proxectos de formación a medida, adaptados ás necesidades formativas específicas de cada empresa que así o solicite, e tamén especialidades formativas recoñecidas polo Servizo Público de Emprego e homologadas pola Administración ou entidades acreditadas. O obxectivo da Xunta é contribuír coas axudas a mellorar a cualificación dos cadros de persoal das firmas da Comunidade.

### **Unidades formativas**

O segundo dos programas do que se informa hoxe no Consello da Xunta son as Unidades Formativas na Empresa, unha actuación dotada con 1,85 millóns de euros para formar a desempregados nas empresas que, pola súa banda, teñen que comprometerse a contratar como mínimo ao 40% dos alumnos que participen en cada unha das 40 unidades previstas.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria financia o 100% da formación, e para aquelas compañías que superen o compromiso mínimo de contratación ofreceráselles axudas para promover os contratos indefinidos, que oscilan entre os 7000 e 16.000 euros. O apoio mínimo de 7000 euros aumentará ata os 8000 para os parados de longa duración, persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social. Ademais, as mulleres, maiores de 45 anos e emigrantes retornados, así como as empresas situadas no rural, recibirán un 25% máis de axuda sobre os 7000 ou 8000 euros, segundo sexa o caso, podendo chegar os apoios, desta maneira, aos 16.000 euros.

Nesta convocatoria, optarán a estas axudas as empresas ou agrupacións temporais de firmas que presenten unha solicitude conxunta. Este programa inclúe tamén para 2018 de xeito novidoso o seu carácter bianual coa finalidade de que os cursos sexan máis complexos e poidan prolongarse durante máis meses, ata o ano 2019.

Os dous programas, cos que se ofrece formación á carta, adaptada ás necesidades que require o mercado de traballo actual, forman parte da Axenda 20 para o emprego coa que a Xunta está impulsando o emprego de calidade e da Axenda Industria 4.0, que ten como un dos seus retos principais que o sistema formativo se oriente á realidade da industria, é dicir, á revolución tecnolóxica na que está inmerso o tecido produtivo galego.

## O ANTEPROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN FARMACÉUTICA BUSCA DAR COBERTURA ÁS ACTUAIS DEMANDAS E NECESIDADES DOS PROFESIONAIS SANITARIOS E DA POBOACIÓN

- *O texto introduce como novidade a convocatoria dun concurso previo de traslados e a posibilidade da esixencia de constitución de garantías*
- *Suprímese a caducidade das autorizacións administrativas ao cumprir os titulares das oficinas os 70 anos e amplíase de 3 a 15 anos o período mínimo para a transmisión de farmacias outorgadas por concurso público*
- *No eido da atención farmacéutica destaca a inclusión da prestación do servizo farmacéutico no domicilio e considera as novas modalidades de venda de medicamentos e produtos sanitarios*
- *A normativa vixente data de hai 18 anos e as modificacións parciais resultan insuficientes para dar resposta á nova realidade*

O Consello da Xunta vén de aprobar o inicio da tramitación do Anteproxecto de Lei de ordenación farmacéutica que busca acometer, 18 anos despois da entrada en vigor da Lei 5/1999, do 21 de maio, unha regulación integral da atención farmacéutica máis acorde cos tempos. O anteproxecto recolle non só as novidades respecto á regulación posterior á aprobación da vixente lei, senón tamén afronta e dá solución, dun xeito máis eficaz, ás actuais necesidades e demandas dos profesionais farmacéuticos e das persoas usuarias.

O texto normativo establece procedementos de autorización e adxudicación máis áxiles. Introdúcense como principais novidades a convocatoria dun concurso público previo de traslados ás oficinas vacantes ao que só poderán concorrer farmacéuticos titulares ou cotitulares dunha farmacia establecida en Galicia. Con posterioridade, a Xunta convocará outro concurso público para a provisión das farmacias vacantes resultantes do concurso de traslado, que englobará tanto as novas oficinas ofertadas no mapa farmacéutico de Galicia como as que quedasen libres por traslado da persoa titular. A este procedemento poderán concorrer os farmacéuticos que non sexan titulares nin cotitulares de farmacias establecidas dentro ou fóra de Galicia, nin a teñan transmitido nos últimos dez anos anteriores á data da convocatoria.

Tamén se incorpora a posibilidade de limitar os traslados cando se aprecie que, no caso de ser autorizados, se produza un detrimento grave do servizo na zona, e especialmente nos núcleos nos que só exista a oficina de farmacia establecida.

O inicio dos concursos públicos de adxudicación das novas farmacias efectuarase só de oficio por parte da Consellería de Sanidade, con convocatoria a un acto público ao que estarán chamados a concorrer os participantes por rigurosa orde de puntuación.

Outras novidades a destacar neste ámbito son a posibilidade de exigencia de constitución de garantías de cara a asegurar a continuidade no procedemento de instalación de farmacias; a elevación do período mínimo para poder transmitir as farmacias por concurso público, que pasa dos 3 aos 15 anos, e a desaparición da caducidade das autorizacións administrativas ao cumprir os titulares os 70 anos.

En materia de boticas anexas destaca a incorporación de que, no trámite de planificación da autorización de novas oficinas, a Consellería prevexa a instalación dunha botica anexa vinculada á nova farmacia naquelas zonas de difícil accesibilidade ou naqueles casos nos que o peche dunha farmacia deixe sen atención a unha determinada zona.

### **Atención farmacéutica**

No tocante á atención farmacéutica prestada nas farmacias, as principais novidades son que se recollen as novas modalidades de venda de medicamentos e produtos sanitarios (como é o caso da venda por internet) e as súas prohibicións. Recóllese expresamente a prohibición de desenvolver actividades de venda ao público de produtos distintos dos propios da canle farmacéutica ou actividades comerciais por sociedades mercantís ou estruturas negociais con personalidade xurídica distinta do titular da farmacia. Ao mesmo tempo, prohíbese o subarrendo ou a cesión a terceiras persoas para o desenvolvemento de calquera actividade, incluso cando estas teñan relación co ámbito sanitario.

Outras das importantes novidades recollidas neste eido é a inclusión da posibilidade, de xeito excepcional e cando se cumpran determinados requisitos, de que a atención farmacéutica poida ser prestada domiciliariamente para dar cobertura ás persoas con patoloxías crónicas e perda de autonomía funcional. Tamén se considera a obriga da presenza física do titular ou, se é o caso, do cotitular, xerente ou persoa substituta, na farmacia de forma habitual durante o horario de atención ao público.

Respecto á atención farmacéutica prestada a nivel de atención primaria e hospitalaria, nas entidades prestadoras de servizos sociais e outros centros, servizos e establecementos sanitarios, actualízanse as funcións correspondentes a cada un destes servizos e as correspondentes ás unidades de radiofarmacia.

O anteproxecto da lei de ordenación farmacéutica incorpora unha epígrafe coa actualización dos dereitos e a inclusión, por primeira vez, das obrigas da cidadanía.

### **Reforma de locais e novo réxime sancionador**

Incorpórase ao texto normativo o réxime de reforma dos locais, que non estaba regulado ata o de agora, e prevese a revogación da autorización daquelas oficinas de

farmacia nas que se verifique o incumprimento da obriga da dispensación de medicamentos solicitados polas persoas usuarias.

Finalmente, introdúcese un novo réxime sancionador actualizado ao abeiro do Real decreto 1/2015, do 24 de xullo, con novos tipos infractores co gallo da normativización das novas modalidades de venda a distancia de medicamentos de uso humano ou veterinario, así como algúns novos motivados pola detección de prácticas habituais non permitidas (como, por exemplo, a entrega de regalos de cortesía, que non teñan valor de mostras, para a captación e fidelización de clientes nas farmacias).

### **Adaptar a normativa á lexislación básica do Estado**

A vixente Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, foi aprobada polo Parlamento galego con base a competencia exclusiva que o Estatuto de autonomía de Galicia outorga á comunidade autónoma en materia de ordenación farmacéutica, tendo en conta as bases de coordinación xeral de sanidade, así como a lexislación sobre produtos farmacéuticos, establecidas polo Estado.

O texto vixente foi obxecto de tres modificacións parciais (Lei 4/2005, do 17 de maio, Lei 7/2006, do 1 de decembro, e Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), que se amosan insuficientes. A nova regulación vén tamén imposta pola necesidade de adaptar a normativa autonómica á lexislación básica do Estado dictada con posterioridade á entrada en vigor da Lei 5/1999, como é o caso do Real decreto lei 1/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

### **Dez títulos e 78 artigos**

O Anteproxecto da lei de ordenación farmacéutica estrutúrase en dez títulos, incluído o preliminar, 78 artigos; unha disposición adicional única; dúas transitorias, unha disposición derogatoria única e dúas disposicións derradeiras.

## **MEDIO RURAL E A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREEIRO MANTEÑEN POR UN ANO MÁIS A SÚA COLABORACIÓN PARA PREVER E LOITAR CONTRA AS PRAGAS DOS VEXETAIS E ESPECIES FORESTAIS**

- *O convenio céntrase na identificación dos axentes patóxenos que causan enfermidades nos vexetais e especies forestais para logo proceder á súa determinación e clasificación*
- *O orzamento previsto para este ano 2018 ascende a un total de 72.000 euros, mantendo así o importe con respecto aos últimos anos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural a asinar unha nova addenda ao convenio de colaboración que mantén desde hai anos coa Estación Fitopatolóxica do Areeiro -dependente da Deputación de Pontevedra- en materia de prevención e loita contra as pragas que afectan os vexetais e as especies forestais da nosa comunidade. O importe desta prórroga ascende a 72.000 euros, mantendo así o orzamento con respecto aos últimos anos.

A sanidade vexetal é unha prioridade da Administración galega e, por iso, é preciso prorrogar un ano máis o convenio de colaboración cun dos centros máis prestixiosos no estudo de pragas vexetais. Desta forma, seguirase traballando na identificación dos axentes patóxenos que causan enfermidades nos vexetais e especies forestais, co fin de proceder á súa determinación e clasificación. A partir de aí, procederase ao desenvolvemento de proxectos de investigación conxunta -entre Consellería e Areeiro- para un mellor coñecemento do comportamento dos patóxenos nas condicións existentes na nosa comunidade.

O obxectivo principal é mellorar o seguimento das pragas para unha rápida detección e erradicación, xa que é unha obriga directa das comunidades autónomas. A sanidade vexetal é unha prioridade da Consellería para que os agricultores galegos teñan á súa disposición métodos eficaces de loita contra as pragas e así dispor de explotacións sans e rendibles.

### **Colaboración técnica da Consellería**

Para este propósito, a Consellería achega os técnicos do Servizo de Sanidade e Produción Vexetal e persoal provincial, os cales se encargarán de realizar o traballo de campo, levando a cabo a identificación de posibles cultivos infectados, establecemento de plans de acción, realización de actas de inspección e toma de mostras para o seu posterior envío ao laboratorio. Pola súa parte, a Estación Fitopatolóxica do Areeiro determinará e clasificará estas especies patóxenas, realizando ensaios experimentais co fin de deseñar novos procedementos de loita contra pragas e enfermidades e adaptados ás condicións galegas.

## **A XUNTA AUTORIZA OS DOUS PRIMEIROS PARQUES EÓLICOS TRAMITADOS COMO DE INTERESE ESPECIAL E QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE 22,5M€**

- *A instalación do parque Pena Forcada-Catasol II estará no municipio coruñés de Laxe e o de Montes de Abella, nos concellos lugueses de Láncara e Triacastela*
- *O primeiro contará con 2 aeroxeradores cunha potencia total de 7,35 MW e unha capacidade aproximada de produción anual de preto de 32.000 MWh, mentres que o segundo, con 5 máquinas e 14MW, chegará a preto dos 53.000 MWh*
- *A declaración de interese especial de ambos os dous proxectos significa que os seus promotores se comprometen á súa posta en marcha antes de 2020*

A Xunta vén de autorizar dous novos parques eólicos: Pena Forcada-Catasol II, que estará localizado no concello coruñés de Laxe; e Montes de Abella, nos municipios lugueses de Láncara e Triacastela. Trátase de instalacións que suporán un investimento de 22,5 millóns de euros.

Son os dous primeiros proxectos que se autorizan da lista de 18 parques eólicos declarados de interese especial no Consello da Xunta da semana pasada. A través desta medida, incluída dentro da Lei de implantación empresarial, o promotor acada o compromiso de poñer os parques en marcha con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2020. A declaración tamén suporá a tramitación das dúas actuacións de forma prioritaria e a redución á metade dos prazos necesarios para a obtención das autorizacións preceptivas para a construción destes parques, mantendo todas as garantías técnicas, xurídicas e ambientais.

O parque eólico Pena Forcada-Catasol II, promovido por Gas Natural Fenosa Renovables, contará cunha potencia total de 7,35 MW a través da instalación de 2 aeroxeradores. Cun investimento previsto de máis de 10 millóns de euros, este novo parque na provincia da Coruña alcanzará unha produción aproximada de enerxía anual de preto de 32.000 MWh. No caso do parque Montes de Abella, promovido por Inveróllica de Abella, o proxecto está composto de 5 aeroxeradores, cunha potencia total de 14 MW, ten un orzamento que supera os 12 millóns de euros e estímase unha produción anual de preto de 53.000 MWh.

Os dous parques sumaranse aos 160 que están en funcionamento na nosa Comunidade e con máis de 3.300 MW. A Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a apoiar, así, un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica centrado na recuperación do liderado do sector, así como na creación de emprego e riqueza para a sociedade. Así mesmo, o Goberno galego ten en conta ás administracións locais, de xeito que, por medio do canon eólico, se recadaron xa 180 millóns de euros destinados aos municipios.